



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 6 DE XUÑO DE 2013

LICENZAS

LIC/1549/2012.- JOSE MARIA GOZALEZ PUMAR.- Conceder licenza para rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar na rúa José María Lacarra, 5.

LIC/573/2013.- MIGUEL ANGUEL TURNES BALSA.- Conceder licenza para execución dun muro de contención na rúa Mallou 38.

LIC/212/2012.- MARIA TERESA PEREZ IGLESIAS.- Conceder licenza para reforma e rehabilitación de edificación na rúa do Vilar, 79.

PRÓRROGAS

LIC/630/2013.- DAVID CHAO CASTRO.- Conceder prórroga da licenza de obras concedida por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión do 8 de novembro de 2012, para construción dunha vivenda unifamiliar na rúa de Picaños, 14.

LIC/578/2013.- MONTSERRAT MAREQUE LÓPEZ.- Conceder prórroga da licenza de obras concedida por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión do 8 de novembro de 2012, para construción dunha vivenda unifamiliar na rúa das Letras Galegas, 5.

APERTURA

LAP/7/2010.- HUNE RENTAL SLU.- Conceder licenza de apertura de almacén para maquinaria de construción na rúa Eslovaquia.

OBRA E APERTURA

LIC/562/2008 e LAP/145/2008.- FRANCISCO RIOS FERROL.- Conceder modificación da licenza de obra e apertura.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/712/2013.-DEVESA VARELA, JOSE ANTONIO.....LIC/302/2012..... 1.500 €

5 a 33.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

34.- Prórroga do contrato de aluguer do local situado na rúa Presidente Salvador Allende nº 6 para uso de oficinas municipais de Recadación.

A proposta da concelleira de Facenda, a XGL aprobou prorrogar o contrato de aluguer do local de referencia polo prazo dun ano, a contra desde o 1 de xullo de 2013 e ata o 30 de xuño de 2014. O importe a satisfacer polo Concello será de 594,29 €/mes IVE engadido. Ademais as partes pactan non proceder á revisión do IPC.

35.- Proposta da concelleira delegada de Servizos Sociais relativa á adhesión ao convenio de colaboración asinado entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) referente a detección de supostos de vulnerabilidade con ocasión do lanzamento da vivenda familiar e medidas de carácter social.

A XGL aprobou, a proposta da Concelleira de Servizos Sociais, a adhesión do Concello ao convenio de colaboración firmado entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Xunta de Galicia e a FEGAMP que contén un protocolo de actuación que se habilitará en caso de que exista unha persoa ou persoas en situación de vulnerabilidade por unha situación froito dun deshaucio por impago da hipoteca ou do alugueiro. Este protocolo posibilitará que esas persoas non sexan desaloxadas de inmediato senón que se estude caso por caso para obter unha solución axeitada ás circunstancias de cada un. Este convenio vai na liña doutras medidas que xorden a raíz da situación actual provocada pola crise.

36.- Recurso especial en materia de contratación.

Dáse conta.

37.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación inicial do Proxecto Complementario número 1 do Proxecto de urbanización do solo urbanizable non programado número 25 (SUNP-25). Roxos.

A XGL aprobou esta proposta da Concelleira de Urbanismo mediante a que, a petición da Xunta de Compensación do SUNP-25 de Roxos, solicítase poder levar a cabo as obras de demolición precisas para completar a urbanización do polígono. Resulta preciso trasladar elementos como muros de peche e outras edificacións ou derrubar para poder completar o proxecto de urbanización aprobado no seu día.

38.- Dar conta de corrección de erro no punto nº 18 da sesión de data 30.05.2013.

Dáse conta.

39.- Dar conta da concesión, pola Dirección Xeral de Familia e Inclusión, da concesión ao Concello dun anticipo para o financiamento básico dos Servizos Sociais.

Deuse conta á XGL do anticipo da Dirección Xeral de Familia correspondente ao 50% da cantidade correspondente ao ano 2012 en relación cos servizo sociais comunitarios e o seu financiamento.

URXENCIAS

1.- Dáse conta da aprobación da actividade “San Pedro para vivir. San Pedro para traballar” por un importe de 19.000 euros.

2.- Apróbanse axudas para 12 vivendas da ARI de Pontepedriña na rúa Portomarían por importe de 62.671 euros (financiadas ao 50% por Xunta e Ministerio).

3.- Apróbase a prórroga do contrato de mantemento das zonas verdes do Concello por un período máximo de 9 meses.

4.- Dáse conta da destestimación de alegacións contra o prego de cláusulas administrativas e a adjudicación do servizo de mediación de seguros privados.

5.- Dáse conta da aprobación do proxecto e inicio do expediente de contratación das obras de mellora do estanque da alameda cun tipo de licitación de 99.156,75 euros.